

Contratación

DECRETO DA ALCALDÍA
Expediente: 4297/2025

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de novembro de 2025, aprobáronse as **“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA LVIIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO (Expte. 4297/2025)”**

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 3 de decembro de 2025, sendo recibidas ata o día de hoxe un número de solicitudes moi baixo en comparación con edicións anteriores e que non alcanza a totalidade de espazos dispoñibles.

Polo tanto, co obxecto de favorecer a participación e concurrencia no procedemento mencionado, e de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL; no art. 43.3 do ROF, aprobado polo RD 2568/86, de 28 de novembro e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Avogar a competencia que ostenta a Xunta de Goberno Local por razóns de índole técnica, tendo en conta os antecedentes enriba descritos e que o prazo remata o día 3 de decembro de 2025 polo que non é posible tratmiar a ampliación de prazo na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes para as **“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA LVIIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO (Expte. 4297/2025)”** ata o día 2 de xaneiro de 2026.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante do Concello de Lalín e na páxina web municipal (www.lalin.gal).

Mandouno e asinouno en Lalín,

O Alcalde,
José Crespo Iglesias

O Secretario Xeral,
César López Arribas

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)